



Bases da promoción “FIEIS AO VERÁN E AO COMERCIO LOCAL”.

1.- OBXECTO

A Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO), a través das asociacións locais de comerciantes de Bueu (ACIBU), Cangas (ACICA) e Moaña (ACIMO), desenvolverá **do 10 de xuño de 2025 ao 30 de agosto de 2025**, ambos inclusive, a promoción “FIEIS AO VERÁN E AO COMERCIO LOCAL” (**de aquí en diante CAMPAÑA**). Esta Campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados adheridos, ofrecendo a posibilidade de acadar centos de regalos promocionais.

2.- ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na Federación a través das súas asociacións, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos atópanse abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado). Un establecemento que non participe na campaña non poderá acumular puntos para conseguir os regalos do comercio local entregados na campaña.

As bases estarán publicadas e dispoñibles nas páxinas webs www.fecimo.es e www.comerciodomorrazo.com.

3.- PREMIOS

Os premios que constitúen a presente campaña consisten en elementos de regalo-promocional do comercio local do Morrazo que serán entregados xunto coas compras realizadas nos establecementos adheridos á campaña.

As persoas participantes poderán escoller o seu regalo-promocional de entre un catálogo de regalos ao que accederán en función do gasto realizado nos comercios participantes.

4.- DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN.

A presente trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores das empresas asociadas adheridas ao sistema de Fidelización do Comercio Local do Morrazo. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada participante no sistema de fidelización do comercio local durante o período de vixencia da promoción (**do 10 de xuño de 2025 ao 30 de agosto de 2025 ou ata esgotar os regalos publicitarios. A campaña rematará cando se de calquera destas dúas condicións**).

A cada cliente **por cada compra superior a 10€** nalgún dos establecementos participantes no sistema de fidelización (*consulta na seguinte ligazón os establecementos participantes*)

(<https://www.comerciodomorrazo.com/?q=establecementos&entorno=y9PT083d4sLR097hopuq1Nbiy8rd2KzmxtyY4MfV1sTnpQ>)



acumularáselle o equivalente ao importe do seu correspondente ticket ou factura de compra en puntos, ao ratio de conversión de **2€ = 1punto**.

A persoa participante poderá acumular puntos polas compras realizadas ata o día de remate da campaña.

A persoa participante poderá canxear os seus puntos por regalos accedendo á seguinte ligazón previamente:

<https://www.comerciodomorrazo.com/catalogo-regalos>

Canxe de regalos: Para canxear os teus regalos podes facelo utilizando algún dos seguintes xeitos:

1- Accedendo ao catálogo a través da túa área persoal de cliente do Club do Comercio Local -> <https://www.comerciodomorrazo.com/zona-clientes>

2- Chamando ao 986305000 de Luns a Venres en horario de 9:00h a 15:00h, pedirémosche o teu número de tarxeta e o regalo que desexas canxear.

3- Enviando un e-mail a comunicacion@fecimo.es e indicando o teu número de tarxeta e o regalo que desexas canxear.

En calquera dos 3 casos a persoa participante poderá indicar o establecemento comercial onde quere recoller o regalo publicitario.

Unha vez feita a solicitude, poderá recoller o regalo nun período de 7 días naturais.

Para poder canxear un premio é imprescindible que exista stock do mesmo. Se o stock dun produto é igual a cero ese produto non poderá ser solicitado. Chegado ese momento, a persoa participante poderá escoller outro produto de entre os que estén dispoñibles ou, de non estar ningún produto dispoñible, rematará a posibilidade de que os participantes continúen canxeando puntos.

As persoas participantes poderán canxear tantos premios como os puntos acumulados lles permitan, podendo escoller un ou varios premios de entre o catálogo existente, **excepto no caso das TARXETAS REGALO do comercio local no que se limita as peticións a UNHA TARXETA por persoa participante.**

As persoas participantes non poderán ceder ou traspasar os seus puntos a ningunha outra persoa participante ou non na campaña.

Unha vez rematada a campaña os puntos acumulados e non gastados serán eliminados.

Aquelas persoas que non contan con medios técnicos ao seu alcance, poderán acudir á sede de FECIMO para facilitar a súa participación.



É imprescindible gardar o TICKET ou FACTURA de compra que deu dereito á acumulación de puntos posto que poderá solicitarselle co fin de comprobar a lexitimidade da transacción que deu dereito aos puntos.

Cada cliente poderá participar e acumular puntos tantas veces como tickets/facturas obteña mediante a compra ou contratación de servizos, aumentando deste xeito as súas probabilidades de resultar agraciado cun regalo-publicitario.

A presente promoción farase con igualdade de oportunidades e con estrito respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante rexistrárase con datos falsos, e-mail falso ou do que non é titular, ou utilizara de xeito inadecuado tecnoloxía informática para acadar obxectivos fraudulentos, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descualificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, FECIMO, resérvase o dereito a exercer todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.

5.- ENTREGA E ACEPTACIÓN DOS PREMIOS

Ningún dos regalos da presente promoción poderá ser obxecto de cambio, alteración, compensación ou cesión a petición dos gañadores.

Os gañadores/as de calquera dos premios de TARXETA REGALO do COMERCIO LOCAL deberán gastalos nos establecementos adheridos á campaña, nun prazo de **1 MES dende a obtención do regalo.**

(establecese como data límite para o gasto dos premios: 30 de setembro de 2025).

6.- OUTRAS CONDICIÓN DOS PREMIOS

FECIMO resérvase o dereito a non aceptar tickets/facturas de compra ilexibles, manipulados, falsos ou con calquera defecto ou anomalía que impidan o seu recoñecemento ou validez de participación nesta promoción.

O período de reclamacións ao promotor finaliza en 10 días hábiles transcorridos dende a comunicación ao gañador do seu regalo.



7.- LIMITACIÓNS PARA PARTICIPAR

FECIMO resérvase o dereito, se concorre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción.

A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, FECIMO, quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométese a admitir a decisión interpretativa que FECIMO poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

O gañador de calquera dos premios non poderá ser o propietario/titular/socio, os seus empregados, cónxuxe, nin familiar de 1º grao descendente ou ascendente (fillos/pais) do establecemento onde fora entregada o ticket de compra e acumulados os puntos.

Dada a imposibilidade material por parte de FECIMO de identificar as persoas mencionadas anteriormente, de resultar calquera delas agraciadas e de coñecerse tal circunstancia, excluírase como premiado quedando dito premio deserto.

Así mesmo, se a persoa que figura no boleto gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou titor legal.

8.- EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- FECIMO non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio desta promoción.
- FECIMO non será responsable se o ticket/factura de compra é ilexible, incorrecto, está danado, perdeuse, sustraíuse ou calquera outra circunstancia allea ao promotor que anule o dereito do gañador a reclamar o premio.
- FECIMO non será responsable por danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade das redes de telecomunicacións ou a web ou o microsite mediante o cal participa na promoción.
- FECIMO non será responsable se ao tratar de contactar co teléfono do gañador ou o seu correo electrónico están fora de servizo ou non reciben axeitadamente.

9.- DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES.

9.1._ REPERCUSIÓN FISCAL

FECIMO non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei correspóndalle satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

a) De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a **Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF**, modificada pola Lei 26/2014 de 27 de novembro, o



Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF, o Real Decreto 2004/2009 de 23 de decembro e o **Real Decreto-Ley 9/2015** que modifica o anterior.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premios sexa superior a 300 €.

b) Con independencia do establecido no punto anterior, o premiado queda obrigado ao cumprimento das súas obrigas contables e fiscais. En concreto, e como suxeito beneficiario do premio deberá declarar e incorporar na súa base imponible xeral do seu IRPF, a valoración neta do premio.

c) FECIMO queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado puideran derivarse da obtención do premio.

9.2._ TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A ORGANIZACIÓN respecta a lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a privacidade dos usuarios e o secreto e seguridade dos datos persoais, de conformidade co establecido na lexislación aplicable en materia de protección de datos, en concreto, a Lei Orgánica de 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD), adoptando para iso as medidas técnicas e organizativas necesarias para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos persoais facilitados, tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos aos que están expostos.

En concreto, infórmase os usuarios do portal que os seus datos de carácter persoal só poderán obterse para o seu tratamento cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtiveron.

A ORGANIZACIÓN informa de que os datos proporcionados por calquera medio polos participantes da promoción na web www.comerciodomorrazo.com serán incorporados a un ficheiro automatizado responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar o seu acceso e participación na presente promoción

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Establecen como puntos de contacto para os interesados o seguinte correo electrónico fecimo@fecimo.es Así mesmo, establece como punto de contacto presencial para os interesados o seguinte domicilio, Avda de Vigo nº 91-baixo, 36940 Cangas (Pontevedra).

A ORGANIZACIÓN adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.



9. 3 CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Os gañadores nesta promoción autorizan a que se tomen fotografías e se graven imáxenes en soporte audiovisual así como a súa reprodución, uso, e difusión do seu nome, apelidos e imaxen en calquera actividade publicitaria e/ou promocional relacionada coa promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración económica ou en especie ou beneficio algún.

A cesión inclúe os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública de gravacións ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio exclusivamente relacionadas con este certame, sen restricción algunha, no seu estado orixinal ou procesadas e altaradas de calquera xeito, en todo ou en parte, en calquera medio visual, impreso ou electrónico presente ou que se poida desenvolver no futuro como serían entre outros, exposicións, revistas, libros, diarios, televisión, valos publicitarios, folletos, puntos de venda, CD Rom ou DVD, sitios de Internet ou similares, con calquera obxecto lícito o que inclúe, entre outros, publicidade, promocións, contido editorial e anuncios.

9.4 ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a ORGANIZACIÓN. Para verificar esta aceptación ao participante solicitarase a aceptación expresa no momento de validación de códigos. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases pola ORGANIZACIÓN, serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Cangas do Morrazo, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero, de resultar distinto ao aquí pactado.

En Cangas, a 10 de xuño de 2025